

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2023

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño

ASISTENTES:

D. Daniel Mallo Castro
D. Juan González Leirós
D. Diego Alcantarilla Rei
D.^a María Mercedes Prieto Lamas
D. David López Saborido

NON ASISTEN:

D.^a María Dolores Pan Lesta
D.^a Patricia María Parceró Quiñoy

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día doce de setembro do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Daniel Mallo Castro, D. Juan González Leirós, D. Diego Alcantarilla Rei, D.^a María Mercedes Prieto Lamas e D. David López Saborido.

Non asisten á sesión as Sras. concelleiras D.^a María Dolores Pan Lesta e D.^a Patricia María Parceró Quiñoy.

Asisten á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 5 DE SETEMBRO DE 2023

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 5 de setembro de 2023, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 5 de setembro de 2023.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

Non se dá conta de ningún.

3.- PROPOSTAS

3.1. PROPOSTA RELATIVA Á DECLARACIÓN DE DESERTO DOS LOTES 1, 2 E 3 DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NÚM. 2023/C004/000010, CORRESPONDENTE AO CONTRATO MIXTO DE SERVIZOS E

SUBMINISTRACIÓN DAS ACTUACIÓNES NECESARIAS PARA A MONTAXE DO EVENTO “OPEN SCIENCE CAMBRE”

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 5 de setembro de 2023 (CVD: 1xmh7Fh0mcyAL4/bqLhk), que transcrita di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación aprobado mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.08.2023 (TEDeC núm. 2023/C004/000010) para a adxudicación do contrato mixto de servizos e subministración das actuacións necesarias para a montaxe do evento “Open Sceince Cambre” (expediente TEdEC núm. 2023/C004/000010), mediante procedemento aberto simplificado abreviado do artigo 159.6 da LCSP cun único criterio de adxudicación de apreciación automática, o factor prezo, aplicable a cada un dos tres lotes nos que se divide o contrato:

- Lote 1: Carpas y complementos
- Lote 2: Megafonía, sonido
- Lote 3: Vigilancia nocturna

Visto a acta do órgano de asistencia da sesión celebrada con data do 04.09.2023 (CVD: 5kkWizkUojrdSr0Yigpc) que, entre outras cousas, di:

“(…)

1.- *Acto de apertura oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159) correspondiente a las proposiciones presentadas por los licitadores en el procedimiento con número de expediente 2023/C004/000010 para adjudicar el contrato de Montaje del evento "Open Science Cambre".*

Según consta en la lista de licitadores extraída de la PLACSP (Código seguro de verificación: LXMFY_YL6IM_GU8CL_57586), durante el plazo de presentación de ofertas no se ha presentado ninguna proposición en ninguno de los tres lotes.

2.- *Acto de valoración oferta criterios cuantificables automáticamente (art. 159) correspondiente a las proposiciones presentadas por los licitadores en el procedimiento con número de expediente 2023/C004/000010 para adjudicar el contrato de Montaje del evento "Open Science Cambre".*

No constando ninguna proposición, no se celebra este acto.

*El órgano de asistencia, a la vista de cuanto antecede, propone la siguiente **propuesta de acuerdo a adoptar**:*

Primero: *Declarar desierto, por falta de licitadores, los lotes 1, 2 y 3 del expediente de contratación núm. 2023/C004/000010, correspondiente al contrato mixto de servicios y suministro de las actuaciones necesarias para el montaje del evento “Open Sceince Cambre”, conforme a lo establecido en el artículo 150.3 in fine, y concordantes, de la Ley 9/2017, del 8 de noviembre, de contratos del Sector Público (LCSP).*

Segundo: *Publicar este acuerdo en la Plataforma de Contratación del Sector Público, onde se aloja el Perfil del Contratante del Concello de Cambre, de conformidad con lo establecido en el artículo 63.3.e) de la LCSP.*

Terceiro: *Dar traslado de esta resolución, a través de la plataforma TEdEC, al responsable del contrato, al coordinador de actividades culturales y educativas, y a la intervención municipal.*

“(…)”.

En uso das atribucións que me confire a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primero: Declarar deserto, por falta de licitadores, os lotes 1, 2 e 3 do expediente de contratación núm. 2023/C004/000010, correspondente ao contrato mixto de servizos e subministración das actuacións necesarias para o montaxe do evento "Open Sceince Cambre", conforme ao establecido no artigo 150.3 in fine, e concordantes, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP).

Segundo: Publicar este acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se aloxa o Perfil do Contratante do Concello de Cambre, de conformidade co establecido no artigo 63.3.e) da LCSP.

Terceiro: Dar traslado desta resolución, a través da plataforma TEdE, ao responsable do contrato, ao coordinador de actividades culturais e educativas, e á intervención municipal.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 5 de setembro de 2023 (CVD: 1xmh7Fh0mcyAL4/bqLhk), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.2. PROPOSTA RELATIVA Á PRÓRROGA DO CONTRATO RELATIVO AO LOTE 3 (ACAMPADA EN GUITIRIZ) DO "SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DE CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA NENOS/AS E MOZOS/AS PROMOVIDOS POLO DEPARTAMENTO DE XUVENTUDE DO CONCELLO DE CAMBRE"

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 5 de setembro de 2023 (CVD: RLuli5m5PwecluVV4VLZ), que transcrita di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación que consta na plataforma TEdE ao núm. 2021/C004/000028 relativo ao "servizo de organización de campamentos de verán para nenos/as e mozos/as promovidos polo departamento de Xuventude do Concello de Cambre".

Visto o informe do coordinador de actividades culturais e educativas e responsable de contrato, José Luis Martínez Názara, de data 07.08.2023 (CVD: AuYlrcp5mWxoPeHXvfZt), que di:

"(...)

- Que con data 14.06.2022, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de adxudicación do servizo de organización de campamentos de verán para nenos/as e mozos/as promovidos polo departamento de Xuventude do Concello de Cambre en 2022 e 2023, con opción de prórroga en 2024 (lote 3)

- Que a entidade adxudicatária da acampada Guitiriz (lote 3), por procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de adxudicación (xuízos de valor e apreciación automática), foi a empresa Academia Aristos 2007 SL, co CIF B70125562, no prezo ofertado de 6.251,520 euros (IVE incluído) polos 2 anos de contrato (3.125,76 euros/ano, IVE incluído).

- Que a data de formalización do contrato de referencia foi o 15.07.2022, e que a duración do mesmo é para os anos 2022 e 2023 con opción a prórroga no 2024

- Que a empresa Academia Aristos 2007 SL, adxudicataria do contrato de referencia, con data 17.07.2023 e núm. de rexistro 202399900004990 solicita dar continuidade ao contrato e, polo tanto, executar a prórroga dun ano mais.

- Que a empresa axudicataria cumpríu a satisfacción o antedito contrato, polo que non se atopa ningún impedimento para que se leve a cabo a prórroga do contrato dun ano mais (2024).

"(...)"

Visto o informe favorable emitido pola secretaria accidental con data do 17.08.2023 (CVD: mYseTCzbpNK8nDJH+PRT), que di:

"(...)

Segundo: *A cláusula 9 do PCAP que rexe esta contratación regula o prazo de duración desta contratación nos seguintes termos:*

"9. Plazo de duración del contrato y ejecución de la prestación.

El plazo de duración del presente contrato será, como máximo, de dos años, desde su formalización hasta el 31 de octubre de 2023, incluido. Pudiendo prorrogarse hasta el periodo vacacional de verano de 2024, incluido.

De conformidad con lo establecido en las prescripciones técnicas que rigen la presente contratación, la prestación se ejecutará en el mes de julio (lotes 1 y 2), excepto la acampada de Guitiriz que será a finales de junio (lote 3).

En el ejercicio 2022, de no formalizarse el contrato con anterioridad a las fechas previstas para la ejecución de la prestación, por mutuo acuerdo de las partes, podrán modificarse las mismas, sin que ello suponga, en ningún caso, alteración del precio de adjudicación.

La prórroga se acordará por el órgano de contratación, previo informe emitido por el responsable del contrato y fiscalización por la Intervención Municipal, y será obligatoria para el empresario, siempre que su preaviso se produzca cuando menos con dos meses de antelación a la finalización del plazo de duración del contrato. En ningún caso podrá producirse la prórroga por consentimiento tácito de las partes. Esto, de conformidad con lo establecido en el artículo 29.2 de la LCSP".

A cláusula cuarta do contrato deste lote 3, formalizado coa "Academia Aristos 2007 S.L." con data do 15.07.2022 (CVD: B1SJ18/sxqOtlTVCXH63), di:

"Cuarta.- *De conformidade coa cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares, e epígrafe 6 do Cadro de Características, o prazo de duración do presente contrato será, como máximo, de dous anos, dende a súa formalización ata o 31 de outubro de 2023, incluído. Podendo prorrogarse ata o período vacacional de verán de 2024, incluído.*

De conformidade co establecido nas prescricións técnicas que rexen a presente contratación, a prestación executarase no mes de xullo (Lotes 1 e 2).

Ao non formalizarse este contrato con anterioridade ás datas de realización da prestación previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, de acordo co previsto na cláusula 9 deste, o Concello e o adjudicatario acordan que as datas da acampada en Guitiriz serán as seguintes:

Lote 3 Acampada en Guitiriz: 28 e 29 de xullo de 2022.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación, previo informe emitido polo responsable do contrato e fiscalización pola Intervención Municipal, e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo prodúzase cando menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. En ningún caso poderá producirse a prórroga por consentimiento tácito das partes. Isto, de conformidade co establecido no artigo 29.2 da LCSP".

Tendo en conta que, segundo o responsable do contrato, a prestación realizouse a satisfacción desta Administración e que se dá cumprimento ao establecido nas ditas cláusulas respecto do cumprimento de prazos, sendo a prórroga obrigatoria para o empresario sempre que o preaviso se produza con anterioridade ao 31.08.2023, a xuízo da técnica que subscribe, a proposta de prórroga que consta neste expediente cumpre coa normativa vixente.

CONCLUSIÓN

Infórmase favorablemente a proposta de prórroga formulada polo responsable do contrato no seu informe de data 07.08.2023 (CVD: AuYlrcp5mWxoPeHXvfZt).

(...)”.

Visto o informe favorable emitido pola interventora municipal con data do 23.08.2023 (CVD: fJ8kwp71xVGbJVfpFYP4), que, entre outras cousas, di:

“(…)”

D. RESULTADO DE LA FISCALIZACIÓN PREVIA (art.219.2 TRLRHL)

[X] Fiscalizado favorablemente CONDICIONADO á efectiva consignación orzamentaria axeitada e suficiente no orzamento xeral do exercicio 2024 (X*.A) (...)."

En uso das atribucións que me confire a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primero: Prorrogar ata o período vacacional de verán de 2024 o contrato relativo ao lote 3 (acampada en Guitiriz) do “servizo de organización de campamentos de verán para nenos/as e mozos/as promovidos polo departamento de Xuventude do Concello de Cambre” (expediente TEDeC núm. 2021/C004/000028), formalizado coa empresa *Academia Aristos 2007 S.L.*, condicionando esta prórroga á efectiva consignación orzamentaria axeitada e suficiente no orzamento xeral do exercicio 2024.

Segundo: Notificar este acordo ao contratista e dar traslado, a través da plataforma TEDeC, ao responsable do contrato e á intervención municipal.

Terceiro: Publicar este acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se aloxa o Perfil do Contratante do Concello de Cambre, de conformidade co establecido no artigo 63.3.e) da LCSP.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 5 de setembro de 2023 (CVD: RLuli5m5PwecluVV4VLZ), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 1 ao 7 de setembro de 2023, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 1422/2023 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1451/2023, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1422/2023	01-09-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 5 de setembro de 2023
1423/2023	01-09-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da intervención municipal por importe total de 10.496,18 euros
1424/2023	01-09-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que non transcorreu o período de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, ao longo do cal non poderá ser beneficiaria segundo o disposto no artigo 6 nomeado. Solicitante: MCGB
1425/2023	01-09-2023	Cesar con data 1 de setembro de 2023 ao funcionario interino JCPG polo transcurso do prazo máximo de catro meses establecido na resolución nº 756/2023 da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de nomeamento como funcionario interino en acumulación de tarefas, de conformidade co artigo 24.3.c) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
1426/2023	01-09-2023	Aprobar a documentación xustificativa presentada pola ANPA Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás, do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso 2021-2022. Minorar a terceira achega prevista no convenio, de 3.000 euros, no importe de mil catrocentos trinta e catro euros con cincuenta e catro céntimos (1.434,54 euros), superávit de ingresos que resultaría respecto aos gastos válidos xustificados pola entidade, de producirse o abono íntegro da mesma. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 1.565,46 euros correspondente ao convenio de colaboración entre o concello de Cambre e a ANPA Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás, para o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso escolar 2021/2022
1427/2023	01-09-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 14.150,00 euros
1428/2023	01-09-2023	Suspender inmediatamente os actos que está a realizar HPde Pravio, S.L. na finca sita en no lugar da Calle, parroquia de Pravio, sen axustarse ao proxecto básico e de execución ao cal se lle concedeu licenza mediante resolución da alcaldía do día 25 de agosto de 2022 (Exp. 2021/U022/000050
1429/2023	04-09-2023	Iniciar expediente sancionador a MBN como consecuencia da presunta comisión dunha infracción leve, tipificada no artigo 28.1 k) en relación co 17.2 da Ordenanza de protección contra a contaminación acústica do Concello de Cambre, consistente no uso de aparellos de reprodución sonora a un volume elevado e falar nun ton de voz excesivamente elevado, en horario de descanso nocturno, perturbando o descanso da veciñanza, no edificio sito en Aián, Sigrás, propoñéndose como consecuencia unha sanción de 300 euros, de acordo co artigo 29.1 a) da



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		citada norma
1430/2023	05-09-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1431/2023	05-09-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1432/2023	05-09-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1433/2023	05-09-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1434/2023	05-09-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1435/2023	05-09-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1436/2023	05-09-2023	Iniciar expediente de orde de execución a JSA para a xestión da biomasa existente na finca sita en Cerquidos, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1437/2023	05-09-2023	Arquivar o expediente 2015/I002/109, ao terse regularizado as obras denunciadas coa comunicación previa presentada no exp. 2016/U019/23, incoado a EB, S.L. polo exercizo da actividade de almacén de produtos secos na nave, sita no polígono da Xira, Sigrás, sen licenza municipal
1438/2023	05-09-2023	Iniciar expediente de orde de execución para a xestión da biomasa existente na finca sita en Pena da Nosa Señora, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1439/2023	05-09-2023	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de MRR para a xestión da biomasa existente na finca sita en Piñeiro, Cecebre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
1440/2023	06-09-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1441/2023	06-09-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1442/2023	06-09-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1443/2023	06-09-2023	Arquivar o expediente 2015/I002/108, ao terse regularizado as obras denunciadas coa comunicación previa presentada no exp. 2017/U019/26, incoado a CyL, S.L. polo exercizo da actividade de distribución de materiais de construción na nave sita no polígono da Xira, Sigrás, sen licenza municipal
1444/2023	06-09-2023	Arquivar o expediente 2015/I002/107, ao terse regularizado as obras denunciadas coa comunicación previa presentada no exp. 2019/U019/25, incoado a F, D, R y Cía polo exercizo da actividade de aserrado, almacenaxe e fabricación de produtos de madeira na nave sita no polígono da Xira, Sigrás, sen licenza municipal
1445/2023	06-09-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, en aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora. Solicitante: TBSS
1446/2023	06-09-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación

		básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: LChCh
1447/2023	06-09-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
1448/2023	07-09-2023	Delegar no concelleiro don Juan González Leirós para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de ACL e LCL
1449/2023	07-09-2023	Delegar no concelleiro don Diego Alcantarilla Rei para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de ANG e HDGA
1450/2023	07-09-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade dado que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JSP
1451/2023	07-09-2023	Someter ao trámite de consulta pública previa, previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o proxecto de Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Cambre, ao obxecto de recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e nove minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar Alfonso García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo